

XVIII CONCURSO DE RELATOS CORTOS REPSOL YPF

Primer Premio Lengua Gallega

Autor: Yago Tarrío Tato

Lema: As Valquirias

Relato: "Música de Wagner"

Centro Educativo: Colegio La Salle

Santiago de Compostela

MÚSICA DE WAGNER

Lema: As Valquirias

Uns ollos que se pousan sobre o estante. Unhas mans que rebuscan entre os vinilos. Uns dedos que extraen, coidadosos, o disco da súa caixa e que o colocan con suavidade sobre o xiraplatos do magnetófono. Unha agulla que baixa e arrinca os feros acordes do grandioso acto primeiro da terceira escena...

E unhas *valquirias*, que descenden desde o *Valhalla* inundando a habitación coa poderosa melodía que só o inmortal Richard Wagner foi capaz de crear.

“Un regalo á Humanidade, un piar fundamental da cultura occidental”, di Salvatore Fresi emocionado sempre que fala do insigne alemán ou da súa mítica obra. Agora, “O Don” Salvatore descansa sobre o butacón de pel do seu estudio tratando de abstraerse á sempre eficaz, case terapéutica, ópera wagneriana. Non foi este un día grato para el e necesita relaxarse antes de facer plans sobre o seu seguinte paso.

Don Salvatore nunca fora unha persoa atormentada. Por mor do seu particular “oficio” tivera que cargar, desde moi novo, con innumerables pecados, pero as súas costas eran anchas e a súa conciencia estaba tranquila. Que os outros homes choraran as súas culpas; Salvatore Fresi confiaba no perdón dun Deus que sabería ser permisivo co seu humilde servo.

Non obstante, nesta ocasión a determinación que adoptara o ancián podería implicarlle o incorrer nunha falta quizais “non asumible” nin sequera para O Altísimo:

O Don xamais se vira na necesidade de ordenar unha masacre. Durante corenta anos confiara en non ter que soportar nunca esta dura proba, e agora que se atopaba ante ela, a pesar de ter imaxinado a situación milleiros de veces, non estaba preparado. Un nunca está preparado para facer unha cousa coma esta. Quizais por iso se botou a chorar. Non puido evitalo, a pesar de que sabía que, aos ollos dos seus desapiadados fillos, alí presentes, aquel era un comportamento de nenos. Non puido evitalo, a pesar de que el mesmo sempre considerara o pranto un sinal inequívoco da debilidade da persoa.

Cando don Salvatore tomaba unha decisión que implicaba a morte de alguén facíao sempre convencido de estar obrando en virtude dun ben maior, de que era algo inevitable, de que o facía con toda xustiza, na procura dunha solución que beneficiaría á meirande parte dos afectados. Esta fora a súa filosofía durante tantos anos como levaba á fronte da *familia*. Agora, a supervivencia da devandita *familia* estaba en xogo, e a consolidación e perpetuación desta no poder pasaban polo total aniquilamento de todos os seus inimigos.

O momento presentárase. Para case todos, este era o intre que tanto levaban esperando para someter por fin e dun xeito definitivo aos rivais. Para don Salvatore, era a trampa que o destino lle tendía á súa ambición para arrastralo sen remisión ao Inferno.

Esta vez non se trataba dunha medida xustificable desde o punto de vista moral; non era nin a busca dun ben maior nin algo beneficioso para case todos. Tratábase de asasinar a moitas persoas para que unhas poucas puidesen gobernar sobre o resto.

O Don sabía que, dada a súa posición, non se podía permitir albergar dentro de si conflitos de tipo ético e que simplemente debía, como dictaba a lóxica, actuar sen dubidalo e aproveitar a oportunidade que se situara ao seu alcance.

“Ou eles, ou nós”, “Eles farían o mesmo”... eran frases coas que os seus fillos, o seu conselleiro ou incluso os seus gardas persoais pretendían empuxalo cara a decisión final. O Don sabía de sobra que eran certas, pero non as quería crer. A súa piedade natural, que posuía polo simple feito de ter nacido home, impedíalle dar creto a algo que, non obstante, era obvio: segundo o sistema imperante en todos os ordes da vida, a prosperidade duns implica, irremediabilmente, a destrución ou sometemento dos outros. Neste punto da reflexión, don Salvatore tería agradecido con toda seguridade coñecer a doutrina filosófica de Maquiavelo, quen lexitimaba, en aras da chamada “*Razón de Estado*”, calquera acción, por discutible que esta fose.

¿Non era a súa familia o seu “Estado”? ¿Non era el, o Don, o “Príncipe” desta? ¿Non era acaso a busca da hexemonía da familia un fin, unha “Razón de Estado” suficientemente importante como para xustificar os medios que se empregasen na súa consecución? Serían estes argumentos demasiado poderosos para ser rexeitados por un home que desexaba desesperadamente desligarse das súas conviccións morais.

Por outra parte, e falando de moral, un dos aspectos fundamentais do ser humano é a súa vontade de poder, á que xa se refería Nietzsche (ese gran amigo de Wagner) como medio de perfección da persoa. É un anhelos natural e ata certo punto lexítimo aquel que nos leva a buscar o dominio sobre os demais, que ao fin e ao cabo, era o fondo da cuestión que don Salvatore se prantexaba.

O Don parara de chorar. Agora ollaba, inexpresivo, cara a inmensa lámpada de araña que pendía sobre a súa cabeza. Do mesmo modo estaba suspendida tamén a ameaza sobre as vidas dos seus inimigos, unicamente suxeita polo fino cable que representaban as dúbidas do Don. Cando a necesidade, a presión e o tempo cortaran ese cable, o poder dos Fresi sería absoluto... ¿Pero a que prezo?

Wagner seguía despregando a súa potencia pola habitación mentres os fillos do Don deambulaban, impacientes, dun lado a outro da estancia esperando a orde do seu pai, quen se atopaba en proceso de fonda reflexión.

Vencidos os impedimentos morais, derrotado o sentimento de piedade polos seus adversarios, ¿que lle quedaba a don Salvatore? ¿por que seguía ancorado nunha dúbida que comezaba a poñer en serio perigo o futuro da *familia*?

-Ao mellor o vello xa chochea...- Chegou a susurrar ao seu irmán un dos fillos do Don.

O feito era que á mente do ancián aínda lle quedaba un obstáculo que salvar: a súa fe en Deus e a súa convicción na inmortalidade da alma. O Don aínda tiña esperanzas na súa salvación. Fora educado, como italiano que era, na Relixión Católica, e era un verdadeiro crente, por paradóxico que poida parecer. Non obstante, para don Salvatore, mandar unha organización criminal e crer en Deus eran cousas perfectamente compatibles, e ata ese momento sempre tivera a habilidade, como xa dixemos, de autoenganarse para xustificar os seus pecados.

Pero agora non había modo de facelo, e o Don tiña que tomar unha decisión: ou expoñerse á destrución dos seus e á súa propia coa esperanza dunha redención que moi

probablemente non lle chegaría xamais, ou eliminar aos seus rivais dunha vez por todas e asegurar o poder dos seus para sempre.

-¿...E ben?- Os seus fillos esperaban resposta desde había máis dunha hora.

Cando a vella cabeza de Salvatore Fresi se moveu de arriba a abaixo nun xesto afirmativo, as facianas dos dous homes que se achaban de pé fronte a el tomaron unha expresión de agresivo triunfalismo.

Como a música de Wagner.